

Galipedia, wikipedia, blog. Aproveitables na aula?

Obradoiro

Antonio Gregorio Montes. IES Porta da Agua

Límite de prazas: 28

Hoxe en día as aulas estánse a abrir ó mundo vía a virtualidade dos medios de que dispón o mesmo mundo que se pretende estudar. Dentro da diversidade dos posibles, trátase de dar un breve vistazo á posibilidade de dous deles, aprendendo a realizar cambios na galipedia como expresión particular da wikipedia e analizando as súas capacidades educativo/formativas, así como a creación dun blog provisional, e discutindo as posibilidades educativas destes medios.

Programa do obradoiro:

Obxectivos:

Acadar un mínimo manexo das ferramentas wiki e blog.

Poder ponderar posibles usos educativos das mesmas.

Contidos:

1. Información libre:

conceptos sobre licenzas e movementos relacionados. actitude ante os mesmos.

2. Introducción á wikipedia.

conceptos sobre colaboración aberta, crecemento, calidade.

3. Inscrición.

concepto e método.

4. Capacidades básicas de edición e creación de entradas.

concepto, método e consideracións.

5. Unha visita polas posibilidades que ofrece a Galipedia como instrumento educativo: fonte de datos, proxectos, ...

visualización rápida.

6. Introducción ós weblog ou cadernos de bitácora.

conceptos, visualización rápida e consideracións.

7. Creación de un blog.

conceptos e método.